

RESOLUCIÓN DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE XERAL DE MARISQUEO A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA ASOCIACIÓN DE MARISCADORAS "FONTE DE SANTA HELENA DE BALDAIO", E AS PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCESO.

De conformidade co establecido na base 2. do anexo A da resolución de 24.02.2023 pola que se convocou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade xeral de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Asociación de Mariscadoras "Fonte de Santa Helena de Baldaio", esta xefatura territorial,

RESOLVE:

1º. Facer pública a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade xeral de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Asociación de Mariscadoras "Fonte de Santa Helena de Baldaio".

2º. As persoas aspirantes disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

3º. Facer pública a listaxe definitiva das persoas excluídas ao proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión.

As persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal/>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Asociación de Mariscadoras "Fonte de Santa Helena de Baldaio".

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



I.- ASOCIACIÓN DE MARISCADORAS "FONTE DE SANTA HELENA DE BALDAIO".- RELACIÓN PERSOAS ADMITIDAS NO PROCESO PARA OBTENER O PERMISO DE MARISQUEO A PÉ

LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
MENDEZ	INSUA	MARTIN	*** 3880 **	6,00	3,00	2,80	0,30	0,00
POSE	MARTINEZ	MARÍA LILIANA	*** 2556 **	6,00	3,00	3,80	0,50	0,00
PEREIRA	BRAÑAS	JORGE	*** 2547 **	4,50	0,00	0,00	0,50	4,00
RODRIGUEZ	RAMA	ALBERTO	*** 8060 **	2,20	1,50	0,40	0,30	0,00

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total
- **1.- PARO:** tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **2.- FORMACIÓN:**
2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):
 Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 24.02.2023 da xefa territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFSA, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos.

- **3.- PADRÓN:** Por estar empadroadado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. **4 puntos**

II.- ASOCIACIÓN DE MARISCADORAS "FONTE DE SANTA HELENA DE BALDAIO" - RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCEDIMENTO

Non hai aspirantes excluídos

Xefatura Territorial da Coruña
 Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
 15006 A Coruña
 Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

